

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

[•Resolución do 26 de marzo de 2010 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica polo que se modifica a liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional \(programa Re-Brote\).](#)

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 28 de xullo de 2009, acordou aprobar una liña de avais do Igape para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional instrumentado mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas (programa Re-Brote), e segundo a cláusula terceira entraron en vigor o día seguinte ao da súa publicación e estableceuse como data de fin de prazo para presentar solicitudes de aval o 30 de decembro de 2009.

Este prazo de tres meses establecido para a presentación de solicitudes é insuficiente, en consecuencia, o prazo para presentar solicitudes debe modificarse, permitindo que poidan presentarse solicitudes ata o día 30 de xuño de 2010.